



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental

Edificio Administrativo de Monelos
Vicente Ferrer, 2 - 5º andar
15071 A CORUÑA
Tels.: 981 184 462 - 981 184 459
Fax: 981 182 198



LFC

TRANSPORTES Y LOGISTICA FREIRE S L U
Rua Transversal Sur 41 (15917) - Padron

Información sobre a inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos. Transportista profesional de residuos non perigosos.

De conformidade coa comunicación das súas actividades de transportista profesional de residuos non perigosos, recibida o 4 de Novembro de 2015, esta administración ambiental procedeu a realizar a inscrición da súa empresa no Rexistro de Produción e Xestión de residuos co número CO-I-NP-TP-00251. Esta inscrición practícase sen prexuízo das demais licenzas e autorizacións esixidas polo ordenamento xurídico para exercer esta actividade. Os datos rexistrados recóllense no anexo a este escrito.

Lémbрасelle que no exercicio da actividade de transporte de residuos perigosos comunicada debe cumprir as seguintes obrigas, cuxo incumprimento poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na *Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*:

PRIMEIRA.- Cumprimento da normativa de residuos.

O titular deberá cumprir en todo momento coas prescricións sobre residuos que se establecen na normativa de aplicación, así como nas disposicións e instrucións que se ditén nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

SEGUNDA.- Obrigas durante o transporte.

O transporte dos residuos deberá realizarse cos medios e as condicións axeitadas á súa natureza, conforme coa normativa vixente en transporte de mercadorías, as restantes normas aplicables e as previsións contractuais, adoptando as medidas necesarias para que se leve a cabo en condicións de seguridade e hixiene.

TERCEIRA.- Entrega dos residuos.

Os residuos deberán ser entregados aos xestores de residuos autorizados determinados polas empresas que contratan o transporte, conservando durante o transporte a acreditación

documental da entrega ou recepción dos residuos exixida pola normativa en vigor, especialmente polas obrigas contidas no *Decreto 59/2009, de 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos*.

CUARTA.- Arquivo cronolóxico das actividades.

O titular deberá dispor dun arquivo, onde se recolla por orden cronolóxico a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, medio de transporte e frecuencia da recollida. Debe manter o arquivo a disposición das autoridades competentes a efectos de inspección e control, durante, ao menos, tres anos. Todo isto, segundo o establecido nos artigos 40 e 41 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, e no artigo 10 do Decreto 59/2009, de 26 de febreiro.

QUINTA.- Actualización dos datos de rexistro.

Calquera modificación dos datos contidos na súa comunicación deberá ser comunicada.

A CORUÑA, 23 de Novembro de 2015

O xefe do servizo de Calidade e Avaliación Ambiental



Asdo.: Luisa Fernanda Pérez Montero



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA CORUÑA
A CORUÑA

Data 24/11/2015 13:05:26

SAÍDA 161005 / RX 1586266



Expediente núm.: 2015-CO-I-00608

1 de 2



ANEXO:

DATOS DA INSCRICIÓN DE TRANSPORTISTA PROFESIONAL DE RESIDUOS NON PERIGOSOS	
Nome do titular:	TRANSPORTES Y LOGISTICA FREIRE S L U
Domicilio:	RUA TRANSVERSAL SUR 41 (15917) - PADRON (
NIF:	B70371562
NIMA:	1500071097
Nº de inscrición asignado:	CO-I-NP-TP-00251